

## "Vive a Natureza"

Vivimos nunha sociedade na que o desenvolvo fai-nos esquecer, pouco a pouco, a nosa relación co medio.

Observamos como as agresións do home à natureza están a se facer patentes dun xeito alarmante: contaminación expolio dos recursos naturais eliminación de hábitats e especies, monocultivos, despilfarro enerxético, folla de reciclaxe...

Comezamos a darnos conta de que estas reviran-se en contra dos nosos intereses de especie: aumento do efecto invernadeiro, destrucción da capa de ozono, choiva ácida, deforestación e desertización, cambios climáticos, esgotamento dos recursos, enfermedades derivadas dos procesos de contaminación, fame, guerras...

Somos cada vez mais conscientes de que a relación entre o home e o seu medioambiente non é a mais correcta, e pensamos que esta sensibilización e preciso transmitir-lá á xuventude, xa que eles serán os protagonistas das futuras relacións entre os homes, e entre a sociedade e a natureza.

C.E.M. en colaboración coa Concellalía de Educación, Cultura e Desportos tenta, a través do programa "Vive a Natureza", que os rapaces e rapazas coñezan, amen e protexan o seu medioambiente natural e social.

Nese sentido, no último ano desenvolvimos as seguintes actividades:

### Verán 91:

-Campamento: Puxeramos unha grande ilusión para face-lo en Aveiro (Portugal), mais ao non ter todos os rapaces a documentación en regla a tempo e ao non poder cambiar as datas no centro de acollida das Dunas de San Jacinto, houbo que mudar o proxecto. Realizou-se, un ano máis, nos Muiños, Muxia.

-Serra de Ancares: visitamos as pallozas e os restos glaciares, estudamos a flora e fauna das suas fragas e conversamos cos paisanos dos pros e contras da futura protección como Parque Natural.

### Curso 91-92

#### Rotciros:

-Ribeiras do Louro. Visitamos as Gándaras de Budío e a desembocadura do río Miño, duas das zonas húmidas mais interesantes de

Galicia, observamos as fortes agresións ás que están sometidas, en contacto cos grupos ecoloxistas da zona Erva e ANABAM. Durmindo no Parque Natural do Monte Aloia.

-Cecebre: quixemos visitar, coas rapazas e rapaces que participan nos Obradoiros de Medioambiente, este paraxe do noso Concello, producto da acción do home, que constitue un refuxio dun valor inestimable para as aves acuáticas. Tivemos ocasión de observar aves raras por estas latitudes como o Cisne cantor ou o Tarro canelo.

-Alta fraga do Eume. Comprobamos a riqueza desta fraga, a sua fraxilidade... e os rapaces decidiron enviar unha carta ao presidente da Xunta preocupandose polo futuro destes bosques, recibindo unha contestación que tenta ser tranquilizadora.

### Cursiños:

-IIIº Cursiño de Ornitoloxía. Achegamnos, unha vez mais ao fascinante mundo das aves, aprendendo como, cando, onde e cales podemos observar.

-O Bosque. Analizou-se o problema forestal, tan de actualidade, con tres charlas-colóquio: Ecoloxía do bosque. Conservación do bosque autóctono galego e Problemática do sector forestal.

Obradoiros de medioambiente: Ás parroquias de Tiobre, Xan Rozo, Castro e Piadela sumou-se este ano a de Infesta cunha participación masiva. Como novedade as actividades conxuntas programadas: saídas a Cecebre e río Mendo, celebración do dia da Paz e o xogo de simulación sobre Incendios Forestais.

Cooperación coa Escola: Cada ano ten un alcance maior gracias a receptividade dos mestres e o entusiasmo das rapazas e rapaces, participando este ano mais de 750 do Colexio Público. Como novedades a unidade didáctica sobre o parque Pablo Iglesias e o seminario sobre xogos cooperativos organizado para os mestres de preescolar e primeiro.

Esperamos contribuir con estas actividades á sensibilización respecto aos problemas de conservación do medio e que asumamos todos as nosas responsabilidades.

*C.E.M., Cooperativa de Educación Medioambiental.*